

OS TESOUROS DO OUTONO



Proposta didáctica

Obxectivos

- Recoñecer os froitos do outono
- Aumentar o vocabulario das árbores froiteiras
- Diferenciar plantas e fungos
- Mellorar a expresión e a comunicación en lingua galega
- Desenvolver aptitudes e actitudes de comunicación, participación e cooperación.
- Interactuar co Beebot

Contidos

- ✓ Vocabulario referente ás árbores froiteiras
- ✓ Recoñecemento dos froitos
- ✓ Os cogordos
- ✓ Comunicación entre iguais, desenvolvemento da linguaxe oral.
- ✓ A linguaxe como instrumento para a comunicación e expresión de coñecementos
- ✓ A escoita activa
- ✓ A descrición
- ✓ Uso da robótica para traballar o vocabulario e colaborar cos compañeiros/as

Competencias clave que se traballan

Competencia en comunicación lingüística CCL

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía CMCT

Competencia Dixital CD

Competencia para Aprender a aprender CPAA

Sentido da iniciativa e espírito emprendedor SIE

Conciencia e expresións culturais CEC

Competencias Sociais e cívicas CSC

Cursos ao que vai dirixido:

Vai dirixido aos alumnos/as de Educación Infantil e Primaria

Temporalización

Educación Infantil: Está deseñado para traballar nos recunchos en diferentes rutinas.

Nas aulas de primaria, pódese traballar de xeito interdisciplinar: linguas, ccnn e saúde, orientación espacial, creatividade, música.

Agrupamentos

Traballarase en grupos de 3 a 6 rapaces.

Potenciarase o traballo cooperativo onde os alumnos/as colaboren entre eles.

Metodoloxía

Será un proceso de ensino-aprendizaxe dinámico, participativo e interactivo. Cun carácter interdisciplinar, en canto a que se establece relación entre as diferentes áreas de coñecemento. O alumno/a parte dos coñecementos previos e irá adquirindo outros novos

Empregamos o xogo como recurso, a través do cal se favorece a imaxinación e a creatividade dos alumnos/as. Trátase de que aprenda interactuando entre iguais e co robot.

Os mestres irán aumentando a complexidade, introducindo novas variables segundo a idade dos rapaces.

Exemplos de actividades

Esta actividade consta dunha parte inicial na cal os alumnos/as de 5º 6º de EP debuxaron os froitos e se deseñou o taboleiro na clase de robótica coa colaboración no deseño da mestra responsable da biblioteca.

Comezaremos cunha asemblea inicial para falar das árbores froiteiras, cales son os seus froitos favoritos, por que é importante comer froita.

Realizar diferentes actividades cos robots empregando a programación mediante teclado.

Mover o robot ata un determinado froito. Atendendo a distintas calidades (adxectivos) cor, carnosos/seco, duro/brando, doce/acedo...

Crear pareados nos que apareza o nome do froito.

Xogar con cartas de árbores. Colócanse as cartas cara abaixo, vaise collendo unha carta, lese a descrición da árbore e relaciónase co seu froito.

Busca o intruso: Que imaxe non se corresponde cun froito? Investiga sobre os cogomelos (fungos)

Ir sinalando o percorrido do robot (camiña 1 / 2 celas, xira 90º cara a dta/esda...) traballando a orientación no plano. CMCT

Materiais e recursos precisos

Robot BeeBot

Taboleiro: Os tesouros do outono

Cartas.

AVALIACIÓN

Recoñece as emocións traballadas			Expressa como se sente			Traballa colaborativamente			Ten iniciativa e participa no grupo			Coida o material	
A	B	C	A	B	C	A	B	C	A	B	C	A	B

A- **MOI BEN**

B- **BEN**

C- **ACEPTABLE**